



O Xefe do Servizo Provincial de Montes e Industrias Forestais de Lugo informa do seguinte:

1º.- O 13 de marzo de 1.976, constituíuse o Grupo Sindical de Colonización, convalidado o 15 de xuño do mesmo ano co nº 16.628, para subscribir co ICONA unhas Bases de Convenio para o monte "PENALTA".

2º.- O 22 de febreiro de 1.979, aprobouse o Convenio do monte "PENALTA", 2716502, entre o ICONA e a S.A.T. nº 16.628, cunha superficie de 90 Hás.

3º.- O 26 de agosto de 2004, nomease a Comisión Liquidadora da Sociedad Agraria de Transformación, quedando composta por D. GERARDO FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, D. MANUEL FERNÁNDEZ GARCÍA e Dona MARÍA TERESA BARRERA TEIJEIRO.

4º.- A citada Comisión Liquidadora en escrito de 26 de mayo de 2005, solicita a cancelación do Convenio.

5º.- Segundo a Certificación que se acompaña, o Anticipo Reintegrable e Ingresos actuais do monte, ascenden a:

Anticipo Reintegrable.....	24.653,41 €
Ingresos actuais.....	24.737,33 €

6º.- Como os Ingresos son superiores ó anticipo Reintegrable a Sociedad Agraria de Transformación nº 16.628, non tería que aboar cantidade algunha pola cancelación do Convenio.

Por todo isto, **proponemos:**

PRIMEIRO.- Que se aprrobe a rescisión total das 90 has do Convenio do monte "PENALTA", 2716502.

Santiago de Compostela, 21 de xuño de 2005

O Subdirector Xeral de Recursos Forestais,

José Luis Chan Rodríguez

Visto e prace
O Director Xeral de Montes
e Industrias Forestais,

Tomás Fernández-Couto Juanas.

Excmo. Sr. Conselleiro de Medio Ambiente.-
Santiago de Compostela.-



Visto o expediente remitido pola Delegación provincial da Consellería en Lugo, relativo á cancelación do convenio 2716502 do monte "PENALTA", cunha superficie de 90 has. e propiedade da Sociedade Agraria de Transformación nº 16.628,

Visto o escrito de 26 de maio de 2005, da Comisión Liquidadora da Sociedade Agraria de Transformación nº 16.628, no que solicitan a cancelación do convenio do monte "PENALTA", aportando copia da acta da reunión celebrada o 26 de agosto de 2004, por vecinos dos pobos de Vilar de Ousón, Monelo e Herbón, Concello de Becerreá,

Visto o informe do Servizo de Montes e Industrias Forestais de Lugo de data 9 de xuño de 2005, no que se propón a cancelación do convenio nº 2716502, do Monte "PENALTA",

Vistas as disposicións legais de aplicación,

Esta Sección Xurídica INFORMA FAVORABLEMENTE a cancelación do convenio 2716502 do monte "PENALTA", nos termos propostos no informe do Servizo de Montes e Industrias Forestais de Lugo.

Santiago de Compostela, 21 de xuño de 2005.
A XEFA DA SECCIÓN XURÍDICA,

Asdo.: Mª José Tato Rocha.



Vista a proposta formulada pola Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais, e logo dos informes favorables emitidos pola súa sección xurídica e polo xefe do servizo provincial de Montes e Industrias Forestais de Lugo,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar a rescisión total das 90 has do Convenio do monte "PENALTA", 2716502, concello de Becerreá, Lugo.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de Reposición con carácter potestativo ante o Conselleiro de Medio Ambiente no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente o recurso Contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, prazos que comezarán a contar a partir do día seguinte ó da recepción da notificación, de acordo co disposto nos artigos 107, 109, 116 e 117 da Lei 4/99 de modificación da Lei 30/92, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e nos artigos 10 e 46 da Lei 29/98, do 13 de xullo da xurisdicción contencioso-administrativa, ou exercer calquera outro que estime pertinente.

Santiago de Compostela, 22 de xuño de 2005

O CONSELLEIRO
(por Orde do 29/1/2003)
O Secretario Xeral,

Justo de Benito Basanta



Ilmo. Sr. Director Xeral de Montes e Industrias Forestais. -
Santiago de Compostela.-